

LIBRE COMPETENCIA EN INTERNET: UN PERCORRIDO POLO SERVIDOR WEB DA UNIÓN EUROPEA¹

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ MIGUEZ
Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior
Xunta de Galicia

Recibido: 9 febreiro 1998

Aceptado: 3 abril 1998

INTRODUCCIÓN

A Unión Europea ademais dun proxecto común e un conxunto de siglas non sempre ben coñecidas é, sen dúbida, unha realidade xurídica e económica que non pode ser ignorada nin polo mundo do dereito nin polo da empresa.

O dereito comunitario é, cada vez con maior intensidade, unha realidade que nos afecta; a pesar diso, o acceso á información non sempre resulta fácil. O motivo destas páxinas é dar a coñecer un medio sinxelo, cómodo e económico (acceso gratuíto) de obter información acerca da Unión Europea, nas súas diversas institucións, o seu funcionamento e, o que é máis importante, os seus diferentes actos de contido xurídico, tanto normativo como de aplicación. Para esta busca centrarémonos nunha das políticas comunitarias máis activas e innovadoras e que maior interese presentan para o xurista e o empresario en España: o dereito da competencia.

A través da rede de internet, a Unión Europea pon a disposición do público unha serie de páxinas web, que permiten tanto unha navegación xeral, destinada a informa-los cidadáns acerca das súas institucións e do seu funcionamento, como a consulta especializada para profesionais, empresarios e investigadores universitarios.

O acceso a este servidor é libre, sempre que se dispoña da mínima infraestrutura: un PC, un módem interno ou externo para a conexión telefónica, un provedor e o software para navegar por internet.

O SERVIDOR DA UNIÓN EUROPEA

Tecleando a dirección do servidor <http://europa.eu.int/> entramos na páxina principal do web comunitario onde nos atopamos coa primeira opción (*bienvenidos*) que

¹ As palabras ou frases subliñadas e en cursiva indican ligazóns con páxinas web, tal e como aparecen no formato orixinal das páxinas. Con respecto ó idioma, de entre as opcións lingüísticas oficiais na Comunidade nas que están redactadas as páxinas, optouse —cando era posible— por aquela máis próxima a nós: o castelán.

nos permitirá optar para o noso percorrido por un dos idiomas comunitarios nos que está xa dispoñible o servidor.

Elixido o idioma (optamos pola versión en español), accedemos a un dos primeiros índices ou encrucilladas.

O menú que nos ofrece a páxina inicial (home) permite as seguintes posibilidades:

- *Bienvenida a Europa*. É a páxina de presentación onde se expón en liñas xerais o contido e a finalidade do servidor que, na actualidade, só está operativo en catro idiomas (inglés, francés, alemán e español).
- *Actualidad*. Proporciona os comunicados de prensa oficiais das institucións europeas, así como información sobre futuros acontecementos, estatísticas, publicacións e bases de datos.
Neste apartado, a través da ligazón *EUR-OP*, está previsto poder acceder a un novo servizo denominado *El Diario Oficial en Internet*, que permitirá a consulta gratuita do *Diario Oficial (DOCE)*, a texto completo (incluídas as gráficas e as táboas) das series L e C, dende principios de 1998, nas once linguas oficiais por un período de 20 días. A este servizo, aínda non operativo (espérase que comece a funcionar en abril), accédese tamén directamente dende a dirección <http://eur-op.eu.int/indexfr.htm> (para a versión en lingua francesa, que é a única dispoñible na actualidade, na que informan da súa próxima implantación). A dirección <http://eur-op.eu.int/> constitúe un novo servidor operativo para información cunha existencia autónoma con respecto ó europa.eu.int/ e do que xa informan neste.
- *Abc*. Expón de maneira didáctica cales son os obxectivos do Tratado da Unión Europea e en qué medida afecta o Tratado ós dereitos dos cidadáns europeos, así como a forma de conseguir documentación sobre asuntos comunitarios.
- *Instituciones*. Este apartado presenta as institucións e os demais órganos da Unión, explicando as súas funcións específicas. Este apartado permite xa o acceso ós contidos das páxinas das diversas institucións comunitarias. A dirección para o acceso directo é: europa.eu.int/inst-es.htm.
- *Políticas*. Finalmente, esta última ligazón ofrece información sobre as actividades da Unión en asuntos económicos e sociais, así como en materia de seguridade e política exterior e de xustiza e asuntos de interior. Máis adiante volveremos sobre el. A dirección directa é: europa.eu.int/pol/index-es.htm.
Esta páxina complétase con catro opcións clásicas: *Buzón*, *Novedades*, *Búsqueda* e *Información* (estas opcións, como as que permiten acceder ás páxinas principais, repítense en case todas elas).

Optamos primeiro pola ligazón que nos achega ás *Instituciones*. As posibilidades que ofrece esta páxina permítenos coñecer, en liñas xerais, cales son as institucións

da Unión Europea, as súas funcións e conectar co contido máis específico das súas respectivas páxinas.

Podemos acceder a información acerca de:

- *El Parlamento Europeo.*
- *El Consejo de la Unión Europea.*
- *La Comisión Europea.*
- *El Tribunal de Justicia de las Comunidades Europeas (Tribunal de Justicia y Tribunal de Primera Instancia).*
- *El Tribunal de Cuentas Europeo.*
- *El Banco Europeo de Inversiones.*
- *El Comité Económico y Social.*
- *El Comité de las Regiones.*
- *El Defensor del Pueblo Europeo.*
- *El Instituto Monetario Europeo.*

No noso breve percorrido ímonos deter en dúas institucións: a Comisión e o Tribunal de Xustiza.

A COMISIÓN

A páxina principal da Comisión ofrece un amplo abano de posibilidades.

PORTADA

Introducción.

Responsabilidad democrática.

Organización.

El trabajo de la Comisión.

Iniciativa legislativa.

Guardián de los Tratados.

Dirección y negociación.

Vuelta al índice.

A ligazón *Portada* (tecleando *europa.eu.int/comm/index_es.htm* accedemos a ela directamente) ofréceno-la seguinte información:

Discursos principales del Presidente Jacques Santer.

Comunicados de prensa.

Documentos oficiales.

Programa de trabajo para 1998.

Acceso a los documentos de la Comisión: Guía del ciudadano.

Biografías y atribuciones de los 20 comisarios.
Presentación de la Comisión Europea 1995-2000.
Direcciones Generales y Servicios de la Comisión.
Representaciones de la Comisión Europea en los estados miembros.
Delegaciones de la Comisión Europea en el mundo.

Se entramos na opción *Directory of the European Commission*, accedemos á páxina das direccións xerais e servicios, que nos permite coñece-la estrutura interna das 24 direccións xerais e demais servicios da Comisión:

Secretaría General de la Comisión.
Inspección General de Servicios.
Servicio Jurídico.
Servicio del Portavoz.
Servicio Común Interpretación-Conferencias.
Oficina Estadística.
Servicio de Traducción.
Dirección de Informática.
DG I - Relaciones Exteriores: Política Comercial, Relaciones con América del Norte, Extremo Oriente, Australia y Nueva Zelanda.
DG IA - Relaciones Exteriores: Europa y Nuevos Estados Independientes, Política Exterior y de Seguridad Común, Servicio Exterior.
DG IB - Relaciones Exteriores: Mediterráneo Meridional, Próximo y Medio Oriente, América Latina, Asia Meridional y Sudeste Asiático, y Cooperación Norte-Sur.
DG II - Asuntos Económicos y Financieros.
DG III - Industria.
DG IV - Competencia.
DG V - Empleo, Relaciones Laborales y Asuntos Sociales.
DG VI - Agricultura.
DG VII - Transportes.
DG VIII - Desarrollo (Relaciones Exteriores y de Cooperación al Desarrollo con África, el Caribe y el Pacífico, Convenio de Lomé).
DG IX - Personal y Administración.
DG X - Información, Comunicación, Cultura y Sector Audiovisual.
DG XI - Medio Ambiente, Seguridad Nuclear y Protección Civil.
DG XII - Ciencia, Investigación y Desarrollo
Centro Común de Investigación..
DG XIII - Telecomunicaciones, Mercado de la Información y Valorización de la Investigación.
DG XIV - Política Pesquera.
DG XV - Mercado Interior y Servicios Financieros.

DG XVI - Política Regional y Cohesión.

DG XVII - Energía.

DG XIX - Presupuestos.

DG XXI - Aduanas e Impuestos Indirectos.

DG XXII - Educación, Formación y Juventud.

DG XXIII - Política de la Empresa, Comercio, Turismo y Economía Social.

DG XXIV - Política de los Consumidores y Protección de la Salud del Consumidor.

Oficina Humanitaria de la Comunidad Europea.

Agencia de Abastecimiento de Euratom.

Oficina de Publicaciones Oficiales de las Comunidades Europeas.

Tecleando europa.eu.int/en/comm/dgs_es.htm pódese acceder tamén directamente a este directorio.

O menú de PORTADA permite, ademais de acceder ás páxinas de información temática específica, a conexión coas páxinas web das oficinas de representación permanente da UE en todo o mundo Representaciones de la Comisión Europea en los Estados Miembros. Máis adiante volveremos sobre a páxina da Representación Permanente en España, que é especialmente útil para a busca da lexislación (DOCE).

POLÍTICAS DA UNIÓN EUROPEA

A ligazón Políticas permítenos coñecer-las diferentes políticas da Unión Europea (o seu enderezo directo é <http://europa.eu.int/pol/index-es.htm>). Imos enuncia-las ligazóns:

◆ Políticas de la Unión Europea:

Espacio económico y social.

Papel de la Unión en el mundo.

Justicia y asuntos de interior.

Financiación de las actividades comunitarias.

◆ Espacio económico y social:

Espacio económico y social.

Cohesión económica y social. Competencia.

Educación, formación profesional y juventud.

Empleo y política social.

Energía. Igualdad de oportunidades.

Información y comunicación.

Manifestaciones de solidaridad.

Medio ambiente. Mercado interior.

Política agrícola. Política audiovisual.
Política cultural. Política de investigación y tecnología.
Política de protección de los consumidores.
Política de transportes.
Política económica y monetaria.
Política empresarial. Política industrial.
Política pesquera. Redes transeuropeas.
Salud pública.
Sociedad de la información y telecomunicaciones.

◆ *Papel de la Unión en el mundo:*

Ayuda humanitaria.
Política comercial común. Política de desarrollo.
Política exterior y de seguridad común.
Relaciones exteriores.

◆ *Justicia y asuntos de interior:*

Asilo, fronteras exteriores, inmigración.
Cooperación judicial, aduanera y policial.
Lucha contra la droga.
Lucha contra la trata de seres humanos.

◆ *Financiación de las actividades comunitarias:*

Actividades financieras.
Control financiero.
Medidas de lucha contra el fraude.
Presupuestos.

Como xa sinalamos, ímonos centrar nunha delas: a política da competencia.

A POLÍTICA DA COMPETENCIA

Esta páxina permítenos coñecer, despois de ofrecer unha *visión de conxunto*, as liñas principais dunha das políticas máis activas da Unión Europea. A información que ofrece esta páxina desenvólvese a través de ligazóns coa información que ofrecen diversas institucións comunitarias:

◆ *Parlamento Europeo:*

Información xeral. Esta ligazón informa que só está dispoñible en inglés e francés: (EN) (FR).

◆ *Consejo de la Unión Europea:*

Información xeral

◆ *Comisión Europea:*

Iniciativas legislativas y seguimiento.

Legislación en vigor: textos consolidados.

Medidas nacionales de trasposición.

Boletín da UE.

Información detallada da Dirección Xeral responsable da Competencia: esta páxina só está dispoñible en inglés (EN).

◆ *Tribunal de Justicia:*

Información xeral.

◆ *Tribunal de Cuentas Europeo:*

Información xeral. Información dispoñible en alemán (DE), inglés (EN) e francés (FR).

◆ *Banco Europeo de Inversión:*

Información xeral. Inglés (EN) e francés (FR).

◆ *Comité Económico y Social:*

Información xeral (FR).

◆ *Comité de las Regiones:*

Información xeral (EN).

Utilizando a ligazón *Legislación en vigor: textos consolidados*, na sección da Comisión Europea podemos acceder a un útil sumario, que abrangue as diferentes materias que integran a política comunitaria da competencia:

POLÍTICA DE LA COMPETENCIA

08.10 Principios de competencia.

08.20 Acuerdos.

08.20.10 Acuerdos prohibidos.

08.20.20 Acuerdos autorizados, exenciones y certificaciones negativas.

08.20.30 Procedimientos de control.

- 08.30 Posiciones dominantes.
- 08.40 Concentraciones.
- 08.50 Aplicación de las normas de competencia a las empresas públicas.
- 08.60 Ayudas concedidas por los Estados y otras subvenciones.
- 08.70 Prácticas de "dumping" intracomunitario.
- 08.80 Obligaciones de las empresas.
- 08.90 Monopolios nacionales de carácter comercial.

Centrándonos agora nas páxinas das direccións xerais, dirixímonos á que está encargada da competencia: a Dirección Xeral IV.

A PÁXINA DA DIRECCIÓN XERAL IV: COMPETENCIA

A páxina da DX IV encargada dos asuntos da competencia só está dispoñible en inglés, aínda que algúns dos seus apartados inclúen outras versións lingüísticas, como a española.

Pódese acceder directamente a esta páxina —o seu formato externo foi recentemente actualizado— na dirección europa.eu.int/en/comm/dg4home.htm.

Esta páxina recolle a actividade dunha das direccións xerais máis activas, na que se tratan cuestións como a das axudas de Estado, a liberalización de servizos ou as concentracións económicas.

A páxina da DX IV iníciase cunha benvida ó navegador e un apartado dedicado ás últimas novidades: what's New.

A páxina estrutúrase en diferentes campos nos que traballa esta dirección xeral:

Antitrust.

Merger.

Liberalization.

State Aid.

International.

O contido destes apartados é case idéntico, aínda que clasificado segundo a materia: Notas oficiais de prensa, diarios oficiais, legislación, decisiones, sentencias e un apartado xeral para otros documentos.

Xunto a esta clasificación por materias inclúense dúas ligazóns que recollen publicacións da DX, conferencias e artigos, así como o directorio dos membros da DX IV encargados dos diferentes asuntos (Publications, speeches and articles e Mission Directory).

A primeira destas ligazóns ofréceno-la seguinte información:

- *EC Competition Policy Newsletters*, que é a versión en internet dunha revista especializada editada e preparada polo persoal da DX IV. Desta revista hai edición impresa, con artigos en varios idiomas, incluído o español.
- *Annual Reports on competition policy*. Documento oficial, de carácter anual, que recolle as actividades da Comisión en materia de competencia, sendo a miúdo unha canle utilísima para coñecer a opinión da Comisión en relación cos diversos aspectos desta política. Nela recóllense tamén os diversos documentos publicados pola Comisión, así como polas autoridades nacionais dos estados membros e as relacións da Unión con terceiros estados e organizacións internacionais (OMC, ALC...). Recentemente publicouse o XXVI Informe, correspondente a 1996.
- *Community publications on Competition available to the public*. Trátase dun índice das publicacións da Comunidade sobre competencia, de acceso público.
- *Speeches and Articles*. Esta ligazón recolle artigos e conferencias. A el referímonos máis adiante.
- *Bulletin EC*. Boletín de información mensual da UE, que tamén se edita en castelán, en papel.

Finalmente, infórmase da posibilidade de acceder á información e ás publicacións en formato PDF e remítese para a adquisición de publicacións ós axentes de vendas de EUR-OP.

Neste curto percorrido pola páxina da DX IV ímonos deter no apartado *Speeches and articles* (discursos e conferencias). Este apartado, como veremos, é especialmente interesante, posto que algunha das conferencias que recolle non se publican, aínda que poderían conseguirse, se se coñece a súa existencia, dirixíndose directamente á DX IV. Na xa citada revista *EC Competition Policy Newsletters* incorpórase un listado de conferencias pronunciadas polos membros da DX IV.

Esta sección inclúe artigos, algúns editados (principalmente na citada NEWSLETTER) e conferencias sobre temas relativos ó dereito da competencia pronunciadas por Karel Van Miert, comisario responsable da política da competencia; Alexander Schaub, director xeral da DX IV, así como doutros membros da DX IV.

De modo xeral, pode dicirse que as do comisario teñen un contido técnico-político, na medida en que adoitan da-las pautas dos obxectivos presentes e futuros da DX IV, mentres que as demais teñen un carácter moito máis técnico-didáctico, froito das conferencias nos diferentes foros en que participan os membros da DX IV. Nestas conferencias acostuman expoñer, dende o punto de vista estritamente persoal, a doutrina xeral da DX. A este respecto indícase textualmente que: "*it is important to recognise that the opinions put forward in this section are the personal views of the officials concerned. They have not been adopted or in any way approved by the Commission, and should not be relied upon as statements, of the Commission's or DG IV's views*".

Este apartado clasifícase por anos. Están dispoñibles os anos 1995, 1996, 1997 e 1998, clasificados por datas e con indicación de ónde se pronunciaron e nalgúns casos con versión en varios idiomas.

O TRIBUNAL DE XUSTIZA: A XURISPRUDENCIA COMUNITARIA

Un percorrido polas páxinas da Unión Europea, aínda que sexa breve, non pode esquecer a xurisprudencia comunitaria, que nunha organización como a UE ten un valor especialmente significativo pola súa misión de supremo intérprete do dereito comunitario.

Á páxina dos tribunais comunitarios pódese acceder a través da páxina de *Instituciones* ou ben directamente a través do seu propio enderezo: *europa.eu.int/cj/*.

Na presentación desta institución aparece o seu nome nos dez idiomas comunitarios, o que permite optar por unha versión lingüística para a consulta. Unha vez máis elixirémo-lo español.

A páxina do Tribunal inclúe as actividades do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e do Tribunal de Primeira Instancia.

Estrúctúrase nos seguintes apartados:

Giustizia e Pace (Giacomo Manzú).

Presentación de la Institución.

Calendario de la semana.

Sentencias recientes (textos completos).

Actividades.

Publicaciones.

Comunicados de prensa.

Informaciones generales.

Centrarémonos só en dous apartados: as *sentencias recientes (textos completos)* e as *actividades*.

- *Sentencias recientes (textos completos)*. Este apartado inclúe as sentencias (agás as de Función Pública) de ámbolos dous tribunais, a texto completo, dende o 17 de xuño de 1997. Incorpora un sistema de busca selectiva (por data, título, partes intervinientes, número do asunto e materia), podendo seleccionarse só o texto da sentenza ou tamén o informe do avogado xeral (que intervéen só nos asuntos que coñece o Tribunal de Xustiza, que se identifican no asunto pola letra C). Ó inicio desta páxina lémbrese que a versión non é oficial, pois só ten este carácter a publicada na *Recopilación*; autorízase a súa cita, a condición de que se exprese a súa orixe e o seu carácter non-oficial.

- *Actividades*. Este apartado inclúe a versión web do Boletín de Actividades del Tribunal de Justicia e do Tribunal de Primera Instancia de las Comunidades Europeas que, editado en formato clásico (papel), recolle as novas sentencias, en páxinas independentes numeradas por semanas (pe. 1/98, recolle as da primeira semana de 1998), os informes dos avogados xerais (só a conclusión e non os razoamentos), así como os asuntos novos.

A PÁXINA DA OFICINA DA REPRESENTACIÓN PERMANENTE (DA UE) EN ESPAÑA

Tal e como indicabamos, ímonos deter finalmente na páxina da *Oficina de la Representación Permanente (da UE) en España*. A esta páxina pódese acceder, como xa sinalamos, dende a páxina principal da *Comisión* ou ben directamente, tecleando o seu enderezo: www.euroinfo.cce.es.htm.

Este enderezo ofrece catro apartado básicos con múltiples ligazóns, baixo os epígrafes seguintes:

[Comisión Europea Representación Permanente en España.](#)

[Unión Europea. Dígame.](#)

[Centro de Documentación Europea.](#)

[Europa on line.](#)

[El kiosko de la UE. Directorio electrónico de la UE.](#)

◆ Comisión Europea Representación Permanente en España. Esta páxina presenta a oficina e lévanos ás páxinas de diversas institucións.

◆ A ligazón Unión Europea. ¡¡DIGAME!! Só enumerarémolas numerosas ligazóns:

Ónde informarse en España:

| [Instituciones europeas](#) |

| [Centros de Información y Documentación Europea](#) |

| [Mapa sensible](#) |

| [Listado por Comunidades Autónomas](#) |

| [Política Estructural Común](#) |

| [Contratación Pública](#) |

| [Investigación y Desarrollo Tecnológico \(I+D\)](#) |

| [Europa de los Ciudadanos](#) |

| [Educación, Formación y Juventud](#) |

| [Trabajadores](#) |

| [Política Cultural](#) |

| [Equipos de Conferenciantes](#) |

| [Venta y suscripción de publicaciones de la UE](#) |
| [Acceso a los Servicios electrónicos de información](#) |
| [Asociaciones europeístas](#) |
| [Normalización](#) |

Ónde informarse noutros estados membros:

| [Instituciones y organismos Europeos](#) |
| [Organismos Españoles](#) |

Buscas.

◆ Centro de Documentación Europea. Inclúe a seguinte ligazón: [Legislación, programas, noticias, bibliotecas, oposiciones y cursos](#).

Esta páxina, xunto a outra de información xeral e diversas ligazóns a *Centros de Documentación Europea*, permite a consulta dos Diarios Oficiais (*DOCE*), nas súas edicións L (actos normativos) e C (comunicacións, convocatorias...) só os índices e as consultas dos índices dos *DOCE*, de forma cronolóxica ou por medio de consulta por conceptos.

◆ Europa ON LINE. A Unión Europea na rede. O seu contido intégrano as seguintes ligazóns:

Servidores da Unión Europea:

[Europa](#) | [ISPO](#) | [Europa de los Ciudadanos](#) | [Euro](#) | [Cordis](#) | [I'M Europe](#) | [Europa](#) | [Consejo de la UE](#) | [Tribunal de Justicia](#) | [Tribunal de Cuentas](#) | [Defensor del Pueblo Europeo](#) | [Comité Económico y Social](#) | [Comité de las Regiones](#) | [Banco Europeo de Inversiones](#) | [Presidencia del Consejo Luxemburgo 97](#) | [Año Europeo contra el Racismo 1997](#) | [Cumbre sobre el Empleo 1997](#) | [Servidor la Unión Europea y el Deporte](#) | [Presidencia del Consejo Reino Unido 1998](#) | [Instituto Monetario Europeo](#) | [Instituto Universitario Europeo \(Florenca\)](#) |

Bases de Datos:

[CELEX](#) (*Legislación*) | [SCAD Plus](#) (*Bibliografía*) | [RAPID](#) (*Noticias*) | [EUDOR](#) (*Diario Oficial*) | [IDEA](#) (*Directorio UE*) | [Market Access Data base](#) (*Comercio Exterior*) | [EURODICAUTOM](#) (*Terminología*) | [EIRO](#) (*Relaciones industriales*) | [OEIL](#) (*Observatorio de la Legislación*) | [Eurydice](#) (*Sistemas de Enseñanza*) | [ECLAS](#) (*Biblioteca de la Comisión Europea*) |

Oficinas e axencias da UE:

[Agencia Europea para la Evaluación de los Medicamentos \(Londres\)](#) | [Agencia Europea del Medio Ambiente \(Copenhague\)](#) | [Fundación Europea de la Formación](#) |

(Turin) | CEDEFOP (Salónica) | Agencia Europea de las Drogas (Lisboa) | Fundación Europea para la mejora de las condiciones de vida y de trabajo (Dublin) | Joint Research Centre (Ispra) | Observatorio Europeo para el Desarrollo Rural (Bruselas) | Observatorio Europeo del Empleo (Berlin) | OAMI (Alicante) | Agencia Europea de Salud y Seguridad en el Trabajo (Bilbao) | Observatorio Europeo de Política Familiar |

Servidores en España:

Oficina del Parlamento Europeo en España | CDE. Universidad de Navarra | CDE. Universidad de Córdoba | CDE. Universitat de Valencia | CDE. Universitat de Lleida | CDE. Universidad de Alcalá de Henares | CDE. Universidad Complutense de Madrid | CDE. Alicante | CDE. Universidade de Santiago de Compostela | Centre Balears Europa | Carrefour de Castilla y León | CDR Tierra de Campos | Carrefour Comunitat Valenciana | CRIE Mas de Noguera | Euroventanilla Murcia | Junta de Castilla y León |

Servidores do EURO:

Comisión Europea | QUEST | Ministerio de Economía y Hacienda | Cambres de Comerc, Indústria i Navegació de Catalunya | Patronat Català Pro Europa | Caixa d'Ontinyent | Banco Central Hispano | Caixa Galicia | Caixa Catalunya | Association for the Monetary Union in Europe | Fédérations des Experts Comptables Européennes | EmuNet |

Outros servidores:

Europa & Internet | EUBASICS. EU Frequently Asked Questions | Europe on the Internet | European Union Internet Resources | Association des Etats Généraux des Etudiants de l'Europe (Forum of European Studies) | Euregio. Net | Governments on the WWW | The European Journalism Page |

Listas de distribución:

CDE-ES | Info-Europa | Eurotri-CV | EURO-LEX | EURO-DOC |

<http://www.euoinfo.cce.es/online.htm> é o enderezo directo desta interesante rede de ligazóns.

◆ O quiosco da UE. Directorio electrónico da UE. Esta páxina, como o seu propio nome indica, ofrece múltiples ligazóns, tanto a organismos e publicacións oficiais como a prensa internacional.

Documentación das institucións comunitarias:

Recopilación de Tratados| Tratado de Amsterdam| Agenda 2000| Conclusiones del Consejo Europeo de Amsterdam| Informe Económico Anual 1997| Ayudas y Préstamos de la Unión Europea| El Quinto Programa Marco de Investigación| Informe Anual sobre Política de Competencia 1996| Informe sobre el Empleo en Europa 1996| European Consumer Guide| VAT in the European Community| Programa de Trabajo de la Comisión Europea para 1998| Conclusiones del Consejo Europeo Extraordinario de Luxemburgo|

Publicacións periódicas das institucións comunitarias:

Diario Oficial| Boletín da Unión Europea| EUR-OP News| Eurobarometer| InfoRegio| ECHO News| Punto e Coma| INFO-C| Europinion| European Dialogue| Environment Newsletter| ISPO Newsletter| Eco-label Newsletter| EC Competition Policy Newsletter| EURO Info| Pesca Info| IT Magazine| European University News| Sport Info Europe| Tribuna do Parlamento Europeo|

Publicacións en castelán:

Arco de Europa (CDE-Córdoba)| Boletín de Información Europea (Centre Balears Europa)| Eurobox (CDE-Pamplona)| Info-Europa (CDE-Valencia)| Boletín Galicia Europa (CDE-Santiago de Compostela)|

Outras publicacións de interese:

European Politics Daily| European Integration On-line Papers| One Europe Magazine (AEGEE)| European Law Journal| Harvard Jean Monnet Working Papers| The European Voice| European Report Europe Information Service|

Prensa nos países membros:

España: ABC| El Diario Vasco| El Mundo| El País| El Periódico de Cataluña| La Vanguardia| Alemaña: Die Welt| Frankfurter Allgemeine Zeitung| Süddeutsche Zeitung| Francia: Le Monde| Libération| L'Express| Italia: Il Corriere della Sera| La Stampa| La Repubblica| Portugal: Jornal de Noticias| Diario de Noticias| Público| Reino Unido: The European| The Independent| The Guardian| Austria: Wiener Zeitung| Bélxica: De Standaard| Le Soir| Dinamarca: Folkebladet Glostrup| Finlandia: Helsingin Sanomat| Grecia: Athens News| Irlanda: The Irish Times| Luxemburgo: Luxemburger Wort| Países Baixos: De Telegraaf| Suecia: Scandinavia Today|

<http://www.euroinfo.cce.es/kiosko.htm> é o enderezo co que se pode acceder directamente a esta páxina.

A MODO DE CONCLUSIÓN

Nas páxinas anteriores intentamos realizar un rápido percorrido do servidor web da UE, que presenta unhas posibilidades inmensas. Non debe esquecerse, sen embargo, que estas páxinas están en continua evolución, polo que o seu contido pode sufrir modificacións. Só falta que cada vez sexan máis os usuarios, xa que as súas demandas e suxestións de seguro que contribuirán a facer máis atractivo e útil o seu contido.

A navegación proposta é unha das case infinitas posibles; o seu límite está no interese, paciencia e intuición do buscador. Con estas liñas esperamos ter mostrado algunhas das inmensas posibilidades que se ofrecen, principalmente para un buscador que, alleo a outras posibles fontes, pode dende a súa oficina, o seu despacho ou a súa casa acceder a unha inxente información, á que só un traballo de estudio posterior permitirá saca-lo seu maior rendemento.

